



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo Fin de Máster

Materia	Traballo Fin de Máster			
Código	V55M164V01202			
Titulación	Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA)			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	15	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Departamento do IESIDE (Vigo)			
Coordinador/a	Caneda González, Anabel			
Profesorado	Caneda González, Anabel			
Correo-e	anabel.caneda@ieside.edu			
Web	http://www.ieside.edu			
Descrición xeral	<p>Co Traballo Fin de Máster (TFM) preténdese que cada estudante poña en práctica os coñecementos adquiridos ao longo do máster integrando os contidos aprendidos sobre as distintas áreas funcionais da empresa e aplicando a metodoloxía de análise e deseño estratéxico.</p> <p>O estudante desenvolverá un proxecto de creación de empresa ou un plan estratéxico para unha empresa en funcionamento percorrendo as etapas do proceso estratéxico: diagnóstico externo, diagnóstico interno, deseño do plan director, elaboración dos plans funcionais e conclusións sobre a viabilidade do proxecto.</p>			

Competencias

Código	
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	Aplicar os conceptos e as teorías ás organizacións empresariais para descubrir novas oportunidades de negocio e lograr a xeración de vantaxes competitivas duradeiras.
C1	Analizar a contorna no que se desenvolve a empresa, así como o seu impacto nas decisións empresariais.
C14	Diagnosticar a situación estratéxica dunha compañía, para deseñar, implantar e controlar plans de acción a longo prazo.
C16	Elaborar un plan de negocio integral e defendelo ante profesionais da empresa.
D8	Xestión de Proxectos: Preparar, dirixir, avaliar e facer seguimento dun traballo complexo de maneira eficaz desenvolvendo unha idea ata concretala nun servizo ou produto.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Integrar todos os coñecementos adquiridos no Máster, afrontando un problema estratéxico global.	A3 B4 C16
Aplicar as distintas fases do proceso de Dirección Estratéxica: Diagnóstico, Deseño, Planificación e Control.	A3 B4 C1 C14 D8
Desenvolver un proxecto de negocio sustentable.	A3 C16 D8

Contidos

Tema

SESIÓN PRESENCIAL Presentación da metodoloxía de traballo

TUTORÍAS INDIVIDUALIZADAS

1. Discusión das ideas propostas
2. Análise da contorna xeral
3. Análise da contorna específica
4. Revisión da análise interna ou plan director 1
5. Revisión da análise interna ou plan director 2
6. Revisión plans funcionais 1
7. Revisión plans funcionais 2
8. Conclusións sobre a viabilidade do proxecto

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	36	324	360
Presentación	1	9	10
Actividades introdutorias	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O estudante de maneira individual elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma de/dos estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto...
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

Atención personalizada**Metodoloxías** Descrición

Traballo tutelado O titor orientará e supervisará aos estudantes na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao Traballo de Fin de Máster.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	A avaliación farase conforme á normativa para a realización do Traballo de Fin de Máster aprobada pola Comisión Académica, cuxos contidos se poden consultar na web de IESIDE.	70 A3	B4 C1 D8 C14 C16
Presentación	A avaliación farase mediante a presentación e defensa ante un Tribunal: exposición oral, utilización de medios e resposta ás preguntas do Tribunal.	30 A3	C16

Outros comentarios sobre a Avaliación

A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria.

Bibliografía. Fontes de información**Bibliografía Básica****Bibliografía Complementaria****Recomendacións****Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Dirección de Empresas/V55M164V01112

Contorna Económico/V55M164V01101

Contorna Legal/V55M164V01102
Xestión Comercial e Marketing/V55M164V01106
Xestión da Información/V55M164V01104
Xestión de Operacións e Calidade/V55M164V01108
Xestión Económico-Financeira/V55M164V01105
Xestión Internacional da Empresa/V55M164V01109
Xestión e Administración de RR. HH./V55M164V01107
Habilidades Directivas/V55M164V01111
Ferramentas para a Xestión/V55M164V01103
Liderado/V55M164V01110

Outros comentarios

O estudante debe revisar diariamente a conta de correo de IESIDE, dado que os avisos e comunicacións faranse a esa conta.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as metodoloxías descritas nesta guía pódense levar a cabo de forma non presencial, por tanto non é necesario facer cambios.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Ningunha.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías)

As tutorías pódense realizar por medios telemáticos (con despachos virtuais, por correo electrónico, etc.)

* Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir

Non é necesario modificar os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

Non se necesita bibliografía adicional

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

Non se modifican.

* Probas pendentes que se manteñen

Todas.

* Probas que se modifican

Ningunha.

* Novas probas

Ningunha.

* Información adicional

No caso de que non se poidan defender os TFM de forma presencial, faranse de forma virtual.

Non é necesario modificar os contidos nin adaptar os criterios de avaliación.
